

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### MEAÑO

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### *ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES LÚDICAS, RECREATIVAS, CULTURAIS E FORMATIVAS*

Aprobado polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 11 de abril de 2016, a imposición do prezo público pola prestación de actividades lúdicas, recreativas, culturais e formativas e da Ordenanza municipal reguladora do mesmo, e elevado a definitivo o devandito acordo, mediante Resolución da Alcaldía de data 2 de xuño de 2016, ao non presentarse reclamacións contra o mesmo no devandito período, exponse ó público o texto íntegro do devandito regulamento ó abeiro do artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

#### **“ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES LÚDICAS, RECREATIVAS, CULTURAIS E FORMATIVAS**

##### *ARTIGO 1. FUNDAMENTO, CONTIDO E OBXETO*

De conformidade coas facultades conferidas no artigo 140 da Constitución e no artigo 4.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e os artigos 127 e 41 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, dítase a presente Ordenanza de prezos públicos que ten por obxecto establecer os principios xerais e normas comúns aplicables aos ingresos derivados da prestación por parte do Concello de Meaño de actividade lúdicas, recreativas, culturais e formativas tales como “xantar” con motivo da FESTA DOS MUIÑOS, “cena de confraternidade” con motivo da celebración do día da muller traballadora, saídas, excursións, visitas e ou outras de natureza similar que organiza o Concello.

##### *ARTIGO 2. SERVIZOS E ACTIVIDADES A QUE ATINXEN*

Terán a consideración de prezos públicos as contraprestacións pecuniarias que se satisfagan pola prestación de servizos ou a realización de actividades da competencia do Concello de carácter lúdico e recreativo, tales como “xantar” con motivo da FESTA DOS MUIÑOS, saídas, excursións, visitas ou outras de natureza similar que organiza o Concello.



**ARTIGO 3. OBRIGADOS AO PAGAMENTO**

Estarán obrigados ao pagamento destes prezos públicos quenes se beneficie das actividades polos que deban satisfacerse aqueles.

Tratándose de menores de idade estarán obrigados ao pagamento dos prezo público os/as pais/nais, titores/as ou responsables legais dos nenos/as que participen na actividade de que se trate.

**ARTIGO 4. CONTÍA**

1. O importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.

2. Non obstante, por razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellan, poderán fixarse contías por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberá terse consignadas no orzamento as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante, se a houbese.

3. Entenderase que a tarifa sinalada no acordo específico non inclúe a cota do Imposto sobre o Valor Engadido que, se é o caso, deba repercutirse sobre a devandita tarifa. En consecuencia, o tipo de IVE aplicable e a cota resultante deberá consignarse expresa e separadamente.

4. En xeral, estes ingresos non terán carácter finalista, destinándose ao financiamento do orzamento municipal.

**ARTIGO 5. XESTIÓN**

O Concello poderá esixir os prezos públicos en réxime de autoliquidación.

**ARTIGO 6. COBRO**

1. A obriga de pagar o prezo público nace cando se inicia a realización da actividade.

2. Non obstante este prezos públicos poderán esixirse como depósito previo do importe total, que deberá realizarse no momento de solicitar a participación da actividade.

3. Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, a actividade non se preste ou se desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente. Para estes efectos seguirase o procedemento previsto para a devolución de ingresos indebidos. Tamén procederá a devolución do importe correspondente cando, por circunstancias persoais sobrevidas, os beneficiarios non poidan participar na actividade, debendo comunicar esta incidencia cun día de antelación.



**ARTIGO 7. EXIXENCIA**

As débedas destes prezos públicos poderán esixirse polo procedemento administrativo de prema.

**ARTIGO 8. MODALIDADES DE COBRO**

A modalidade recoñecida para o cobro será o ingreso directo:

a) Mediante a obtención de boletos, entradas, tickets e formas análogas. Procederá naqueles supostos nos que, previamente á realización da actividade, o obrigado ao pagamento deba proveerse dun documento acreditativo do ingreso que o faculte para aquilo que pretenda conseguir.

b) Mediante carta de pago ou xustificante bancario acreditativa de ter ingresado o depósito previo a que se refire o artigo 8 ou a liquidación do importe do prezo que lle fose notificada por terse detectado a participación na actividade sen comunicación previa.

O ingreso efectuarase, con carácter xeral, mediante o sistema de ingreso na entidade bancaria e no número de conta municipal que se facilitará pola Tesourería ao efecto, acreditándose o pagamento, neste caso, mediante xustificante bancario do ingreso.

**ARTIGO 9. ESIXENCIA DE CANTIDADES**

A falta de solicitude para participar na actividade non impedirá, en ningún caso, proceder á exixencia do prezo público naqueles casos en que se participe na actividade. Corresponde á oficina xestora da actividade a iniciación do expediente dirixido á exixencia das cantidades non ingresadas.

**ARTIGO 10. FIXACIÓN DA CONTÍA**

A fixación ou modificación da contía destes prezos públicos así como dos demais elementos variables das diferentes actividades incluídas na presente ordenanza correspóndenlle á Xunta de Goberno Local.

**ARTIGO 11. EXENCIONES**

1.—Estarán exentos do pago do prezo público, que teñan por obxecto a excursión, saídas ou visitas organizadas para menores, cuxas unidades familiares reúnan os requisitos esixidos para resultar como beneficiarios no PROGRAMA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE MEAÑO. Estas situacións serán determinadas polos servizos sociais do Concello.



2.—Teñen carácter de exentas do pago do prezo público, que teñan por obxeto o xantar da festa dos muiños, as invitacións que, en atención protocolaria, se pudieran entregar a autoridades e outras personalidades ou ao persoal colaborador no desenvolvemento desde evento así coma as concedidas en concepto de premios dos distintos concurso que organiza o Concello de Meaño dirixidos a terceira idade.

### *DISPOSICIÓN DERRADEIRA*

A presente Ordenanza, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 11 de abril de 2016, entrará en vigor e será de aplicación, trala súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.”

Contra este acordo poderá interponerse Recurso Contencioso-Administrativo a partir desta publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra na forma e prazos que establecen as normas reguladoras da devandita xurisdicción.

Meaño, 2 de xuño de 2016.—A alcaldesa, Asdo: M<sup>a</sup> Lourdes Ucha Varela.

